

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento do Parlamento, realiza a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa á **privatización da Alta Tecnoloxía no SERGAS e a compra de mamógrafos ao traveso da Fundación Amancio Ortega**:

O último capítulo que confirma o cambio total de modelo sanitario e a destrución do mesmo é o presunto acordo entre a Xunta de Galicia e a fundación privada do magnate Amancio Ortega para mercar cun capital de 17 millóns de euros diversos mamógrafos para os centros públicos do Servizo Galego de Saúde. Este suposto contrato ten, segundo os datos aportados á prensa, unha duración de 8 anos descoñecendo, polo de agora, o obxecto real do contrato e as condicións do mesmo.

Paradoxalmente, a propia Xunta de Galicia ven de privatizar no mes de maio a radioloxía, intervencionismo, radioterapia e medicina nuclear ao traveso dun contrato de colaboración público-privada adxudicado ao xigante Philips e Varian, cun importe de 88,3 millóns de euros. Contrato que deba contar ademais cun informe preceptivo e vinculante do Ministerio de Facenda atendendo ao estipulado no RD Lei 8/2010 do 20 de maio, de medidas extraordinarias para reducir o déficit público; pero a día de hoxe descoñecemos se se cumpriu esta obriga legal.

O enguedello administrativo e legal entre diversas concesións e contratos ten coma finalidade última a privatización do Sistema Sanitario feito, para máis abundamento, dende a opacidade e de costas ao mesmo pobo que financia cos seus impostos uns servizos que cada vez son menos propios.

Ante a gravidade destes feitos e tendo en conta a opacidade manifestada, pregúntase:



Cales son as características do contrato asinado entre a Xunta de Galicia e a Fundación Amancio Ortega en canto á tipoloxía administrativa de contrato, duración, obxecto do contrato, condicións e relación co contrato de colaboración público-privada adxudicado a Philips?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2015

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/10/2015 17:40:33